



AUTORIZACIÓN DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Unha vez aprobados, polo Comité Executivo da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, visto o exposto no informe xustificativo e recibida a Notificación da concesión dunha subvención nominativa procedente da Deputación Provincial de Ourense a favor da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense para executar a obra obxecto deste expediente,

RESOLVO

AUTORIZAR o inicio do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense da subministración e instalación de máquina enfriadora para a climatización dos espazos dedicados a cafetería e restaurante no recinto de Expourense de acordo co programa de necesidades enumeradas nos documentos que revisten carácter contractual especificados na cláusula I da folla de características do Prego de Cláusulas administrativas particulares por importe máximo de SETENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON NEVENTA CÉNTIMOS, 72.587,90 € (IVE incluído), e nos termos expresados nos apartados anteriores.

Ourense, 5 de xuño de 2023



Rogelio Martínez González
Director Xerente
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense